



## A I GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA



*Soldados australianos nunha trincheira (autor descoñecido, CC-CO)*



# ÍNDICE

---

## A I GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA

1. A I GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA.....	1
1.1 O camiño cara á Guerra. A formación dos bloques.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
1.2 As características do conflito e as súas fases.....	3
1.2.1 As características do conflito.....	3
1.2.2 As fases da guerra.....	4
A guerra de movementos (decembro-agosto de 1914).....	4
A guerra de posicións (1915-1916).....	4
As ofensivas finais (1917-1918).....	4
<i>Exercicios</i> .....	5
1.3 Os tratados de paz e a súa transcendencia.....	6
1.4 As consecuencias da guerra.....	7
<i>Exercicios</i> .....	8
1.5 A Revolución Rusa.....	9
1.5.1. Os antecedentes da revolución. A revolución de 1905.....	9
1.5.2. A revolución de 1917 e a guerra civil.....	10
<i>Exercicios</i> .....	11
SOLUCIÓN.....	12

## 1. A I GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA

---

O comenzo do século XX foi un período especialmente trágico para a historia da humanidade.

A I Guerra Mundial, ou simplemente a Gran Guerra, como foi coñecida polos seus contemporáneos, resultou a culminación dunha serie de procesos e rivalidades que se viñan xestando dende finais do século XIX.

O número de países involucrados e a extensión do conflito ás colonias provocou que a guerra acadase unhas dimensións nunca coñecidas ata ese momento. As perdas humanas e o nivel de destrución que xerou tiveron fondas consecuencias e deixaron moitas feridas abertas. Ademais, durante a guerra, Rusia experimentou unha revolución que levou o proletariado ao poder por primeira vez na historia. Esta transformación revolucionaria acabou dividindo o mundo entre os seus defensores e os seus detractores e marcando a historia do século XX.

Todas estas cuestións mostran que estamos ante un dos momentos claves da historia contemporánea, tanto pola súa importancia como pola súa transcendencia.

### 1.1 O camiño cara á Guerra. A formación dos bloques

As tensións que desembocan na I Guerra Mundial remontan a súa orixe a finais do século XIX. Neste momento, as potencias europeas comezarán a dividirse en dous bloques militares de forza similar que acabarán por enfrontarse.

As causas deste conflito son variadas, pero cabería destacar tres. As rivalidades coloniais, as ambicións antagónicas de Austria e Rusia nos Balcáns e o temor de Francia e o Reino Unido ao crecente poder de Alemaña.

- **As rivalidades coloniais** axudaron a desenvolver unha carreira de armamentos entre os países europeos que pasaron a destinar cada vez máis recursos a reforzar os seus exércitos. Isto contribuirá a que a partir do ano 1890 se abra un novo período nas relacións políticas internacionais coñecido como **Paz Armada**. Ademais, periodicamente, foron xurdindo conflitos nas colonias que ameazaban con transcender o contexto colonial e acadar unha dimensión maior.
- **O antagonismo entre Austria-Hungría e Rusia nos Balcáns** vén derivado da decadencia e desintegración do Imperio Otomán. Este proceso, coñecido como *a cuestión de Oriente*, ten no seu centro as dificultades do Imperio Turco para conservar os seus territorios europeos, que, progresivamente, foron independizándose. Neste contexto, ambas as potencias buscarán reforzar as súas posicións nunha rexión clave estratéxicamente. Isto acabará por provocar tres conflitos bélicos a principios de século que estarán detrás do desencadeamento definitivo da Gran Guerra.

- O temor de Francia e o Reino Unido polo crecente poder de Alemaña** explícase pola política expansiva levada a cabo polo emperador alemán Guillerme II. O crecente poderío económico alemán, adquirido durante a II Revolución Industrial, foi acompañado dunha agresiva procura de novos mercados nas colonias e o desenvolvemento dunha poderosa mariña de guerra. A isto debemos engadir unha política de alianzas que a levou, xunto co Imperio Austrohúngaro e Italia, a formar a **Tripla Alianza**. Para facer fronte a esta situación, Francia, Reino Unido e Rusia acabarán por formar a **Tripla Entente**.



Mapa de alianzas europeas 1914 (Dove-CC BY- SA 3.0)

A confluencia destes elementos, no contexto da carreira de armamentos xerada pola Paz Armada, explica que calquera enfrontamento de carácter local puidese acabar por dar orixe, como así foi, a un conflito de proporcións mundiais.

## EXERCICIOS

### Exercicio 1

Sinala as cuestións que provocaron que a I Guerra Mundial acadase unhas proporcións descoñecidas ata o momento:



- a) A habilidade dos militares á fronte dos exércitos.
- b) O número de países involucrados e a extensión da guerra ás colonias.
- c) A importancia dos novos medios de transporte.
- d) A carencia de valores éticos e morais para impedir o conflito.

## Exercicio 2

Define brevemente: Paz Armada e cuestión de Oriente.

### 1.2 As características do conflito e as súas fases

#### 1.2.1 As características do conflito

A I Guerra Mundial pode ser considerada o primeiro conflito total na historia da humanidade. Isto é o que lle valeu a denominación de Gran Guerra.

A guerra involucrou os dous grandes bloques que se viñan formando no mundo dende finais do século XIX:

- **Os aliados ou *Entente*:** Francia, Rusia e Reino Unido. A este bloque irán engadíndose países como Italia ou Romanía. Destacan, a partir de 1917, os Estados Unidos.
- **Os imperios centrais:** Alemaña e o Imperio Austrohúngaro. Ao longo do conflito sumáronselles o Imperio Turco e Bulgaria. Italia, que asinara a Tripla Alianza, mantívose neutral ao comenzo da guerra para despois pasarse ao bando aliado.

**Dende a perspectiva demográfica**, os países involucrados puxeron á disposición do esforzo bélico todos os seus recursos, impondo a mobilización obrigatoria. O número de soldados mobilizados foi abafador, 70 millóns, o que explica tamén as terribes perdas humanas. 8 millóns de persoas morreron e máis de 20 millóns resultaron feridas. A isto habería que engadir os millóns de afectados de maneira indirecta.

**A importancia acadada pola industria armamentística**, dentro do contexto da II Revolución Industrial, tivo un grande impacto no nivel de destrución xerada pola guerra. Os avances, tanto na industria siderúrxica como na química, fixeron que o armamento posto á disposición dos exércitos tivera un poder destrutivo devastador. Metralladoras, gases tóxicos, carros de combate, avións de guerra ou submarinos, son algunhas das armas que se empregaron de maneira masiva por primeira vez na Gran Guerra e que xogaron un papel clave no seu devir.

**O papel xogado pola economía foi moi destacado.** Durante o conflito, todo o sistema produtivo pasou a estar controlado polo Estado e centrouse en atender as necesidades bélicas. Este proceso é denominado *economía de guerra*. Así, o esforzo bélico acadou todos os niveis da economía e converteuse nunha arma máis. Isto tivo un papel clave para levar

a guerra tamén á retagarda e involucrar o conxunto da poboación e non só os soldados mobilizados.

### 1.2.2 As fases da guerra

A guerra comezou como un problema balcánico que acabou por escalar a conflito mundial.

**A causa última** foi o asasinato en Saraxevo, o 28 de xuño de 1914, do arquiduque Francisco Fernando, herdeiro da coroa austrohúngara. O responsable foi un nacionalista serbio. Este feito provocou que Austria-Hungría lanzase un ultimato contra Serbia cunhas condicións que este país non podía aceptar. Rusia sae en defensa de Serbia e, a partir de aquí, a política de alianzas desencadeará os acontecementos que nos levan á Gran Guerra.

#### *A guerra de movementos (decembro-agosto de 1914)*

É a primeira fase do conflito. A iniciativa corre a cargo do exército alemán, que, contando cunha lenta mobilización rusa, buscará unha rápida vitoria fronte a Francia para evitar unha guerra en dúas fronteas.

A estratexia alemá fracasa debido a dous motivos. Por un lado, o seu avance en Francia será detido na batalla do Marne. Por outro, Rusia lanzará unha ofensiva que, a pesar das grandes perdas humanas que lle supón, obriga os alemáns a dividir o seu exército e loitar en dúas fronteas ao mesmo tempo.

#### *A guerra de posicións (1915-1916)*

Esta fase é a consecuencia da estabilización das fronteas debido á incapacidade de ambos os bandos de avanzar sobre as posicións inimigas. O conflito será concibido como unha guerra de desgaste onde as trincheiras e as novas armas teñen un papel fundamental e xeran unha gran cantidade de vítimas.

Na fronte occidental, destacan as batallas de Verdún e do Somme, que deixarán un balance de mortos absolutamente trágico, pero non terán consecuencias dende a perspectiva práctica.



*Trincheira na I Guerra Mundial (autor descoñecido-Creative Commons 0)*

Nesta etapa tamén ten lugar a incorporación de novos países á contenda. Italia, Romanía e Grecia farano do lado da *Entente* e o Impero Turco e Bulgaria do lado das potencias centrais. Isto favoreceu a aparición de fronteas secundarias en Italia e Oriente Próximo.

#### *As ofensivas finais (1917-1918)*

O ano 1917 foi clave no conflito. O triunfo da Revolución Bolxevique en Rusia provocou a súa retirada da guerra. Isto favorecía os intereses alemáns e permitiulles concentrar o seu exército na fronte occidental. Porén, o abandono ruso foi compensado coa entrada dos



Estados Unidos na guerra no bando aliado. A causa da súa incorporación foi o afundimento do buque *Lusitania* por un submarino alemán.

A entrada dos americanos no conflito resultou determinante polas súas achegas de soldados e armamento. A partir deste momento, a ofensiva dos aliados en todas as fronteas provocou a progresiva rendición dos imperios centrais.

A contenda rematou o 11 de novembro de 1918 coa rendición definitiva de Alemaña.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Cal se considera a causa última que desencadeou a I Guerra Mundial?

- a) A rivalidade colonial.
- b) A política de alianzas.
- c) O asasinato do tsar de Rusia.
- d) O asasinato do herdeiro á coroa do Imperio Austrohúngaro.

### 1.3 Os tratados de paz e a súa transcendencia

Os acordos de paz con que se puxo fin á I Guerra Mundial organizáronse na **Conferencia de Paz de París do ano 1919**. Foi unha paz imposta, xa que non foi negociada entre vencedores e vencidos. Este feito terá graves consecuencias posteriormente, xa que Alemaña sentiuse humillada e nunca chegou a aceptar as condicións.

Os acordos de paz estiveron inspirados parcialmente nos catorce puntos enunciados polo presidente americano Wilson. Entre eles destacaban a supresión das barreiras para o comercio internacional e a desmembración dos imperios plurinacionais. Os catorce puntos de Wilson non foron levados a cabo na súa totalidade, xa que os países vencedores estaban máis preocupados por defender os seus intereses económicos que en obter unha paz duradeira.

A creación da **Sociedade das Nacións** foi un dos aspectos recollidos nos catorce puntos de Wilson que se levou a cabo. O obxectivo desta asemblea era xestionar as relacións internacionais e fomentar a paz e a cooperación entre os países. Aínda así, naceu con importantes carencias, xa que os Estados Unidos decidiron manterse á marxe e os países vencidos e a Rusia revolucionaria foron excluídos.

Na Paz de París asináronse cinco tratados independentes, un por cada país derrotado. Neles establécense as condicións exixidas aos vencidos e as compensacións que deben darlles aos vencedores.

O máis importante dos acordos de paz foi o **Tratado de Versalles**, asinado con Alemaña. Nel responsabilízase este país do conflito e impóñenselle unhas condicións durísimas, como o pagamento de reparacións económicas, a redución do seu exército, a renuncia ao seu imperio colonial e a cesión de importantes territorios en Europa.

**A transformación do mapa de Europa** foi outra das consecuencias dos acordos de paz. Detrás desta transformación está o recoñecemento do dereito de autodeterminación dos pobos recollido nos catorce puntos de Wilson e as cesións territoriais impostas aos vencidos.

O Imperio Austrohúngaro desintegrouse. Neste proceso, Austria e Hungría, despois de ceder importantes territorios, convértense en repúblicas independentes. Créase unha nova nación centroeuropea denominada Checoslovaquia. Nos Balcáns, Serbia, será o centro dun novo Estado denominado Iugoslavia, que reunirá tamén eslovenos, croatas e bosníacos.

O Imperio Turco perdeu todos os seus territorios europeos e, en Oriente Próximo, os seus territorios de Siria, Líbano e Palestina foron repartidos en forma de protectorados entre Francia e o Reino Unido.

Illar a Rusia revolucionaria foi outro dos obxectivos das remodelacións territoriais resultantes da Paz de París. Así, na procura de que exerceran como Estados tapón, Polonia e Romanía, son reforzados con novos territorios. Ao mesmo tempo, tamén se recoñece a independencia das nacións que formaran parte do Imperio Ruso e que durante a guerra pasaran a estar dominadas por Alemaña, como Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania.



Mapa de Europa en 1923 (Historicair- CC BY-SA 2.5)

### 1.4 As consecuencias da guerra

En xeral, as consecuencias foron diversas e moi importantes.

No plano demográfico, os mortos, os feridos e os mutilados contáronse por decenas de millóns. Isto, ademais do trauma que supuxo para importantes sectores da poboación, tamén tivo un forte impacto tanto na natalidade como no descenso da poboación activa.



Lovaina. Destrucción da I Guerra Mundial. (LBM1948-CC BY SA 4.0)

No plano económico, as consecuencias foron especialmente graves para Europa. Á destrución do sistema produtivo e das infraestruturas hai que engadir que os distintos países contendentes quedaron moi endebedados. Isto trouxo como consecuencia que Europa perdese a súa hexemonía, sendo substituída polos Estados Unidos, que pasou a converterse na primeira potencia económica do mundo.



No plano político e social, a fin da guerra veu asociada a un incremento da polarización e das tensións dentro dos países. A imposición de sistemas democráticos viuse ameazada tanto polos partidarios dos movementos ultraconservadores como dos que querían imitar o modelo revolucionario ruso.

Como aspecto positivo, cabe destacar que o papel desempeñado polas mulleres durante a guerra, substituíndo nos seus traballos os homes enviados á fronte, serviu como estímulo para a súa emancipación e favoreceu o recoñecemento do dereito ao voto en varios países.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 4

Explica brevemente as transformacións territoriais que experimentou o Imperio Austrohúngaro despois da I Guerra Mundial.

## 1.5 A Revolución Rusa

A Revolución Rusa é un dos fenómenos máis importantes do século XX. Baixo esta denominación agrúpanse todos os acontecementos que levaron ao derrocamento do réxime tsarista e á construción do primeiro Estado socialista do mundo, a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS).

Este proceso deu lugar á transformación dun país que a comezos de século estaba ancorado no Antigo Réxime, nunha potencia económica e militar. Porén, isto fíxose cun importante custo de vidas humanas e nunhas condicións de sometemento e represión de parte da poboación.

Unha transformación deste magnitude só pode levarse a cabo en varias fases, aínda que o seu corpo central tivo lugar no ano 1917, no medio da I Guerra Mundial, coa cal está directamente relacionada.

### 1.5.1. Os antecedentes da revolución. A revolución de 1905

A comezos de século, Rusia era un extenso imperio que permanecía ancorado no Antigo Réxime. A súa economía era atrasada e fundamentalmente agraria. A Revolución Industrial tivera unha influencia moi reducida. As fábricas eran escasas e aparecían concentradas no territorio buscando explotar os recursos naturais. A maior parte das veces estaban baixo o control de capitais estranxeiros. O desenvolvemento do ferrocarril tamén mostraba un importante atraso fronte ao resto de países europeos.

Dende a perspectiva política, o réxime tsarista mantivérase á marxe das vagas revolucionarias liberais que percorreran Europa no século XIX. Seguía a ser unha monarquía absoluta onde o monarca concentraba nas súas mans todos os poderes do Estado. As liberdades eran inexistentes e a represión dos opositores resultaba extraordinariamente dura.

A sociedade estaba totalmente polarizada. Nun lado, unha minoría privilexiada moi rica, propietaria das terras e das escasas industrias. No outro, unha maioría campesiña e proletaria que vivía en condicións de absoluta miseria.

No ano 1905 xorde un proceso revolucionario que sentará as bases para o que acontecerá despois.

Os intentos de expansión rusos por Asia acabaron provocando un enfrontamento bélico con Xapón. A guerra saldouse cunha derrota do exército tsarista que agravou a crise económica e acabou provocando disturbios.

A revolución estoupou a raíz dos acontecementos do **domingo sanguento**. Unha matanza levada a cabo polas tropas tsaristas contra unha protesta pacífica que reclamaba protección e comida fronte ao palacio do tsar.

Durante o proceso revolucionario creouse un modelo de organización política alternativa **os soviets**. Estes eran asembleas populares de campesiños e obreiros que tiveron unha gran transcendencia posterior, xa que foron recuperados durante a revolución de 1917 e acabarán por darlle nome ao país (Unión Soviética).

A revolución acabou fracasando, pero o tsar viuse obrigado a facer concesión manifestando a debilidade do réxime.

### 1.5.2. A revolución de 1917 e a guerra civil

A entrada de Rusia na I Guerra Mundial sumiu o país no caos e propiciou a aparición de movementos revolucionarios. Estes tiveron dúas etapas, unha liberal e outra bolxevique (socialista).

A revolución liberal tivo lugar en febreiro de 1917. As protestas contra a guerra acabarán propagándose ata rematar nunha folga xeral e en motíns nos cuarteis. Ante o descontrol da situación créase un goberno provisional que lle obriga a abdicar ao tsar e procura a creación dun sistema político liberal.



Cartel propagandístico soviético  
(Billedsentralen, CC BY-NC-SA 4.0)

O principal problema con que se vai atopar o goberno provisional foi a recuperación durante o proceso revolucionario da figura dos *soviets*, sobre os cales non tiña autoridade. Ademais, a súa negativa a abandonar a guerra mantivo o descontento da poboación e fixo que o seu poder fose extremadamente feble.

A segunda fase da revolución chegou en outubro de 1917. Ante o descontento xeral da poboación e a debilidade manifesta do goberno provisional, os partidarios da revolución socialista, denominados *bolxeviques*, organizados nos *soviets* e liderados por Lenin, decidiron tomar o poder pola forza. A súa sublevación triunfa e pasan a controlar os puntos clave das principais cidades do país.

A primeira medida de goberno dos bolxeviques será negociar con Alemaña a súa saída da guerra, asinando o Tratado de Brest-Litovsk. Esta medida será acompañada dun profundo programa de reformas de carácter socialista, como a redistribución da terra, o control das fábricas polos comités de obreiros e a nacionalización da banca.

A última fase da revolución será a guerra civil. Esta desenvolveuse entre os anos 1918 e 1921 e enfrontou os partidarios da revolución socialista organizados no Exército Vermello e os contrarrevolucionarios apoiados polas potencias estranxeiras aglutinados no Exército Branco. A vitoria do Exército Vermello asegurou o futuro da revolución e propiciou o comezo dunha nova fase para o país.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 5

Cal foi a causa última da revolución de 1905?

- a) O domingo sanguento.
- b) O asasinato do tsar.
- c) A creación do exército vermello.
- d) A toma do palacio de inverno.

### Exercicio 6

Como se chamaba o líder dos bolxeviques durante a Revolución Rusa?

- a) Kerensky
- b) Lenin
- c) Putin



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

Sinala as cuestións que provocaron que a I Guerra Mundial acadara unhas proporcións descoñecidas ata o momento:

- a) A habilidade dos militares á fronte dos exércitos.
- b) **O número de países involucrados e a extensión da guerra ás colonias.**
- c) A importancia dos novos medios de transporte.
- d) A carencia de valores éticos e morais para impedir o conflito.

### Exercicio 2

Define brevemente:

**Paz Armada:** período das relacións políticas internacionais aberto a partir de 1890, caracterizado pola carreira de armamentos entre as distintas potencias que pasaron a destinar cada vez máis recursos a reforzar os seus exércitos.

**Cuestión de Oriente:** proceso de decadencia e desintegración do Imperio Otomán marcado polas súas dificultades para conservar os seus territorios europeos que progresivamente foron independizándose.

### Exercicio 3

Cal se considera a causa última que desencadeou a I Guerra Mundial?

- a) A rivalidade colonial.
- b) A política de alianzas.
- c) O asasinato do tsar de Rusia.
- d) **O asasinato do herdeiro á coroa do Imperio Austrohúngaro.**



#### Exercicio 4

Explica brevemente as transformacións territoriais que experimentou o Imperio Austrohúngaro despois da I Guerra Mundial.

O Imperio Austrohúngaro desintegrouse. Neste proceso, Austria e Hungría, despois de ceder importantes territorios, convértense en repúblicas independentes. Créase unha nova nación centroeuropea denominada Checoslovaquia. Nos Balcáns, Serbia será o centro dun novo Estado denominado Iugoslavia que reunirá tamén eslovenos, croatas e bosníacos.

#### Exercicio 5

Cal foi a causa última da revolución de 1905?

- a) **O domingo sanguento.**
- b) O asasinato do tsar.
- c) A creación do Exército Vermello.
- d) A toma do palacio de inverno.

#### Exercicio 6

Como se chamaba o líder dos bolxeviques durante Revolución Rusa?

- a) Kerensky
- b) **Lenin**
- c) Putin